



OS MÁIS VELLOS

Son moi poucos os homes que chegan a cumprir os anos. Pero entre as árbores é moi distinto.

Unha árbore de cen anos de idade non é máis ca un neno. Imaxina entón a que terán os seus antepasados...

Agora mostrarei algúns dos récords extraordinarios de lonxevidade.

ESPECIE	PS CIE	IE



Como se pode observar estas cifras son moi sorprendentes, pero non imposibles. Agora xa sabes onde se encontran estas árbores e posiblemente ao velas animaraste a plantar. Eu penso que son moi necesarias hoxe en día, porque a cantidade de contaminación cada vez é maior, e nun futuro, como non haxa árbores, os nosos descendentes non terán aire puro para respirar e terán moitos problemas e enfermidades.

Se se pensa un pouco, darémonos conta de que por iso é tan importante a plantación.

LAURA AYUDE PUGA, S3ºB

VILLABLINO

Villablino está situado no norte de León, a uns quilómetros da fronteira co Principado de Asturias.

Para ir a Villablino saes de Melide en dirección a Lugo. Ao chegar apartas para a autovía A-6 dirección Madrid. Colles a saída Ponferrada-Villablino e xa aparecen carteis para que non te

perdas.

Por este lugar pasa o río Sil e hai un pantano que está conxelado no inverno e polas xeadas, pero no verán está seco. Hai minas de carbón onde traballan como mineiros moitos pais de familia

Os seus habitantes falan o castelán, pero con acento leonés. Entenden o galego e

o asturiano.

En canto ao clima, no verán as temperaturas son moi altas, 35-40º. No inverno as temperaturas baixan de 0 a 3ºC e caen nevadas espectaculares.

Nos arredores está o porto de Leitariegos, onde hai unha estación de esquí.

A súa paisaxe parécese bonita, a vila está rodeada de montañas e cando neva queda todo branco. É divertido xogar coa neve e facer sendeirismo cos colegas. ¡ANÍMATE!

No inverno, se queres esquiar ou facer sendeirismo no verán, este lugar tes que visitar.

ADRIANA, B1A

